



INSTITUTO GALEGO DE
ESTADÍSTICA

INFORME SOBRE AFILIACIÓN S Á SEGURIDADE SOCIAL

Afiliación s medias marzo 2018

Santiago de Compostela, 3 de abril de 2018

Instituto Galego de Estatística
Complexo Administrativo San Lázaro s/n
15703 Santiago de Compostela (A Coruña)
Contacto: <http://www.ige.eu/web/peticioninfo.jsp?>
Teléfono información: 981.54.15.89 (de 9:00 a 14:00 horas)
FAX: 981.54.13.23
Páxina Web : <http://www.ige.eu>

1.- Información xeral

O número medio de afiliacións¹ ao Sistema da Seguridade Social en Galicia no terceiro mes deste ano 2018 acadou a cifra de 984.884 para o total do sistema, o que supón un incremento respecto ao pasado mes de febreiro de 2018 de 6.395 afiliacións (un 0,65%). Para o conxunto estatal a cifra de afiliacións sitúase en 18.502.088, rexistrando un incremento do 0,75% con respecto ao pasado mes de febreiro.

Na comparativa interanual (marzo de 2018 con marzo de 2017) obsérvase un comportamento similar, é dicir, un incremento de 25.750 afiliacións no total do sistema en Galicia (un 2,68%), e un incremento do 3,31% (592.081 afiliacións) no conxunto estatal.

Por comunidades autónomas e con respecto ao mes de febreiro deste ano 2018, o único descenso rexístrase en Castilla La Mancha (-0,03%). A comunidade que presenta un mellor comportamento é Illes Balears (6,01%) seguida por: Murcia (1,29%), Cantabria (1,23%), Comunitat Valenciana (1,01%) e xa en menor medida Cataluña, Galicia e o resto de comunidades autónomas.

En canto ás taxas con respecto ao mesmo mes do ano anterior todas as comunidades amosan taxas positivas e por riba do 1,3%. Os maiores incrementos atopámoslos en: Canarias, Illes Balears e Comunitat Valenciana (todas elas con taxas superiores ao 4%). A taxa de variación relativa interanual do conxunto do estado presenta así un valor positivo do 3,31%.


Cadro 1.- EVOLUCIÓN DAS AFILIACIÓNS POR COMUNIDADES AUTÓNOMAS

CCAA	AFILIACIÓN MEDIA MARZO 2018	VARIACIONES			
		MES ANTERIOR		INTERANUAL	
		ABSOLUTA	RELATIVA	ABSOLUTA	RELATIVA
España	18.502.088	138.574	0,75	592.081	3,31
Galicia	984.884	6.395	0,65	25.750	2,68
Andalucía	3.007.338	14.141	0,47	83.587	2,86
Aragón	555.379	2.604	0,47	18.456	3,44
Asturias	357.751	1.699	0,48	4.634	1,31
Illes Balears	448.905	25.445	6,01	18.951	4,41
Canarias	787.965	4.300	0,55	35.281	4,69
Cantabria	209.993	2.544	1,23	5.073	2,48
Castilla La Mancha	671.589	-219	-0,03	21.676	3,34
Castilla y León	896.739	3.228	0,36	16.433	1,87
Cataluña	3.320.827	28.918	0,88	108.751	3,39
Comunitat Valenciana	1.833.226	18.252	1,01	76.639	4,36
Extremadura	380.585	92	0,02	6.075	1,62
Madrid	3.092.020	17.073	0,56	117.059	3,93
Murcia	565.323	7.224	1,29	16.886	3,08
Navarra	275.263	1.390	0,51	9.844	3,71
País Vasco	943.510	4.663	0,50	21.478	2,33
La Rioja	125.804	549	0,44	3.290	2,69
Ceuta e Melilla	44.985	273	0,61	2.218	5,19

Fonte: Ministerio de Empleo y Seguridad Social

1

O Ministerio de Trabajo e Inmigración dende o informe de xullo de 2008 tan só publica os datos de afiliación media do mes por considerala máis estable que a cifra do último día do mes e reflectir mellor como foi a afiliación no conxunto do mes.



Fonte: Ministerio de Empleo y Seguridad social

2.- Datos de afiliacións por provincias

O número medio de afiliacións á Seguridade Social aumentou con respecto ao mesmo mes do ano pasado nas catro provincias galegas. Pontevedra é a provincia que presenta o maior incremento interanual nas afiliacións cunha taxa de variación do 3,58%, o que supón 11.767 afiliacións máis, seguida de Ourense cunha taxa interanual do 2,39% e A Coruña (2,25%). A provincia con menor incremento relativo é Lugo, onde se rexistraron 2.324 afiliacións máis que en marzo de 2017, un incremento relativo do 1,98%.

No que respecta ás afiliacións medias deste mes de marzo con respecto ás do mes de febreiro de 2018, rexistrouse un incremento en Galicia do 0,65%. Todas as provincias amosan un dato positivo presentando os maiores incrementos A Coruña (0,69%) con 2.887 afiliados máis e Pontevedra (0,68%) con 2.287 afiliacións máis que en febreiro de 2018.

Cadro 2.- EVOLUCIÓN DAS AFILIACIÓNS Á SEGURIDADE SOCIAL. GALICIA E PROVINCIAS

PROVINCIA	AFILIACIÓN MEDIA MARZO 2018	VARIACIÓNS			
		MES ANTERIOR		INTERANUAL	
		ABSOLUTA	RELATIVA	ABSOLUTA	RELATIVA
A CORUÑA	422.537	2.887	0,69	9.286	2,25
LUGO	119.930	767	0,64	2.324	1,98
OURENSE	101.679	454	0,45	2.373	2,39
PONTEVEDRA	340.738	2.287	0,68	11.767	3,58
GALICIA	984.884	6.395	0,65	25.750	2,68
ESPAÑA	18.502.088	138.574	0,75	592.081	3,31


Fonte: Ministerio de Empleo y Seguridad Social

3.- Información segundo réxime de afiliación

As afiliacións ao réxime xeral, que representan o 76,2% das afiliacións galegas en marzo de 2018, incrementáronse un 0,72% con respecto ao mes anterior. Na comparativa interanual obsérvase un incremento do 3,73%. En España estas taxas foron do 0,77% con respecto a febreiro de 2018 e do 3,82% en relación ao mes de marzo de 2017. Por provincias, Lugo é a que presenta unha porcentaxe menor de afiliacións ao réxime xeral (69,5%).

Nas afiliacións ao réxime especial de autónomos todas as provincias galegas amosan taxas de crecemento interanuais negativas agás Pontevedra, que amosa un pequeno incremento do 0,02%. O descenso medio da comunidade galega situouse no -0,55% e o dato máis negativo é o de Lugo (-1,24%). Para este réxime e con respecto ao mes de febreiro de 2018, estas taxas son porén positivas nas catro provincias e temos así unha taxa do 0,32% para o conxunto de Galicia. As taxas nacionais para este réxime presentan unha variación positiva nos datos con respecto a febreiro de 2018 (0,64%) e unha variación interanual tamén positiva con respecto a marzo de 2017 (1,05%).

No que respecta ao réxime especial do mar, as taxas con respecto a marzo de 2017 son negativas nas tres provincias costeiras; o que fai que a taxa galega sexa do -0,41% algo mellor que o dato para España (-0,82%). No caso das taxas intermensuais temos comportamentos positivos en todas elas: A Coruña (0,83%), Lugo (2,46%) e Pontevedra (1,99%). A taxa galega amosa así un incremento do 1,69% con respecto a febreiro de 2018. A taxa nacional é do 3,07%.




Fonte: Ministerio de Empleo y Seguridad Social

Cadro 3.- AFILIACIÓNS POR RÉXIMES E PROVINCIAS

RÉXIME E PROVINCIA	AFILIACIÓN MARZO 2018	VARIACIÓNS RELATIVAS	
		MES ANTERIOR	INTERANUAL
TOTAL SISTEMA			
A CORUÑA	422.537	0,69	2,25
LUGO	119.930	0,64	1,98
OURENSE	101.679	0,45	2,39
PONTEVEDRA	340.738	0,68	3,58
GALICIA	984.884	0,65	2,68
ESPAÑA	18.502.088	0,75	3,31
R. XERAL			
A CORUÑA	330.236	0,78	3,07
LUGO	83.294	0,81	3,46
OURENSE	76.731	0,54	3,56
PONTEVEDRA	260.295	0,67	4,73
GALICIA	750.556	0,72	3,73
ESPAÑA	15.206.427	0,77	3,82
R. ESPECIAL AUTÓNOMOS			
A CORUÑA	86.239	0,32	-0,55
LUGO	35.096	0,17	-1,24
OURENSE	24.948	0,16	-1,05
PONTEVEDRA	66.920	0,45	0,02
GALICIA	213.203	0,32	-0,55
ESPAÑA	3.230.400	0,64	1,05
R. ESPECIAL DO MAR			
A CORUÑA	6.062	0,83	-1,06
LUGO	1.539	2,46	-1,09
OURENSE	0	--	--
PONTEVEDRA	13.523	1,99	-0,04
GALICIA	21.124	1,69	-0,41
ESPAÑA	62.967	3,07	-0,82

Fonte: Ministerio de Empleo y Seguridad Social

4.- Evolución da afiliación



Fonte: Ministerio de Empleo y Seguridad Social

Notas metodolóxicas

Traballadores afiliados: a afiliación ao Sistema de Seguridade Social é obrigatoria para todas as persoas incluídas no campo de aplicación da Seguridade Social e única para toda a vida do traballador e para todo o Sistema, sen prexuízo das baixas, altas e demais variacións que con posterioridade á afiliación poidan producirse. É dicir, o traballador afíliase cando comeza a súa vida laboral e dáse de alta nalgún dos réximes do Sistema da Seguridade Social; esta situación denomínase alta inicial; se cesa na súa actividade, será dado de baixa pero seguirá afiliado en situación de baixa laboral, se retoma a actividade, producirase unha alta, denominada alta sucesiva a efectos estatísticos, pero non terá que afiliarse novamente, dado que, como xa se indicou, a afiliación é única para toda a vida do traballador.

A información procede da explotación estatística do ficheiro de afiliación dos traballadores aos distintos Réximes da Seguridade Social, cuxa xestión corresponde á “Tesorería General de la Seguridad Social” e ao “Instituto Social de la Marina”. A explotación é efectuada pola “Gerencia de Informática de la Seguridad Social”.

Neste informe preséntanse datos das afiliacións medias mensuais.

Para máis información:

<http://www.seg-social.es>

<http://www.mtas.es>